

ÁREA DE  
CONTRATACIÓN

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



**A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 24 de xullo de 2024, realizou entre outras, as seguintes actuacións:**

**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (16269-445)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos e o xefe da Área de Servizos o 19 de xullo de 2024 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación e o informe que corrixe o anterior por erro matemático, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos e o xefe da Área de Servizos o 22 e 23 de xullo de 2024 que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

**10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (16269-445)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (16269-445) na seguinte orde descendente:

| Orden | Empresas licitadoras    | Puntuación Total |
|-------|-------------------------|------------------|
| 1     | NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L. | 98,00            |
| 2     | CONTITRADE ESPAÑA, S.L. | 84,50            |
| 3     | RODI GALICIA, S.L.      | 63,52            |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 24/07/2024 13:39           | Páxina 1 de 2 |
| 16269-445                                                                                                                                                                                        | CSV: A5AD51-2B42CA-584AE1-P3VX2N-QLVJLD-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (“*As notificacións practicaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante*”), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital.

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 24/07/2024 13:39           | Páxina 2 de 2 |
| 16269-445                                                                                                                                                                                        | CSV: A5AD51-2B42CA-584AE1-P3VX2N-QLVJLD-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |